



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 4 DE MARZO DE 2021**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela

Jesús Gómez Camino

Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS:M^a del Carmen Fuentes Rios,

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Gema Leal Insua

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1. APROBACIÓN , SE PROCEDE, ACTA DE DATA 07/01/2021

De conformidade co preceptuado no artigo 21 do R.O.F. o alcalde pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 07/01/2021.

Non habendo ningunha obxección a mesma, queda aprobada dita acta por unanimidade dos doce membros presentes.

2. . DITAME MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, PARA A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DE 2021, DESTINADOS A LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda , de data 01/03/2021, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Recoñecer e pór en valor o traballo levado a acabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID_19.

SEGUNDO.- Instar a Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento nda Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de ao menos 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.

TERCEIRO.-Trasladar este acordo á Xunta de Galicia así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) pasou a ler a devandita moción, cuxo contido é o seguinte:

“Hai xa case un ano, a pandemia da COVID-19 asolou as nosas vidas e unha vez mais as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños. Os concellos volveron a mostrar novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais dos galegos e galegas.

Durante toda esta pandemia, os Concellos de Galicia víronse obrigados a dar resposta con fondos propios a todos os gastos de competencias impropias que se viron na obriga de asumir, como foron as desinfeccións dos colexios, as desinfeccións dos centros de saúde ou a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a COVID-19, entre outras que son ben coñecidas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

O 26 de xuño de 2020, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-COVID-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar esta. Ademais, establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar ningúen atrás.

Durante toda a pandemia da COVID-19, a Xunta de Galicia presidida por Núñez Feijóo ten aprobadas varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

No mes de novembro do pasado ano, o goberno de Alberto Núñez Feijóo presentou os orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, nos que non só non contemplaba unha partida extraordinaria para os concellos para afrontar os gastos extraordinarios orixinados pola xestión da crise sanitaria, senón que inexplicablemente propoñían a redución dos fondos destinados aos concellos. Todo elo, a pesar de ter recibido uns fondos extraordinarios que para 2021 ascenden a 1.100 millóns de euros do Estado e da Unión Europea para combater a pandemia da COVID-19.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan os recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía, como se puido ver na xestión da loita contra a pandemia.

Ante este ataque completamente inxustificable ás entidades locais que castiga claramente á administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda aos orzamentos galegos para o 2021 na que propón a creación dun fondo extraordinario destinado aos concellos co fin de establecer unha partida dotada de 100 millóns de euros para suplir os gastos relativos á COVID-19, que poida ser distribuído con criterios obxectivos.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Arzúa propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Recoñecer e pór en valor o traballo levado a acabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID_19.
- 2.- Instar a Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento nda Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de ao menos 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.
- 3.-Trasladar este acordo á Xunta de Galicia así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.”

Despois de ler dita moción, indica:

- Que nos orzamentos da Xunta de Galicia non se incluíu ningunha partida orzamentaria destinada a loita contra a pandemia do Covid-19, pero a Xunta aínda está a tempo de facer unha aportación aos concellos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- Que desde a Deputación si o fixeron, xa que neste POS van mais de 200.000 mil euros destinados a asuntos sociais
- Que son os concellos os que mais sofren esta pandemia porque estanse facendo cargo de moitos gastos que realmente non lles correspondería.

* O Sra. López Sobrado (do BNG) manifestou:

- Que cando se rexistrou esta moción no concello, os orzamentos da Xunta estaban sen aprobar e podía ter sentido, pero unha vez que os orzamentos da Xunta entraron en vigor o 30 de xaneiro carece de sentido.
- Que saben que a Xunta está traballando na creación dese suposto fondo extraordinario de maneira unilateral.
- Que eles manteñen a posición que están defendendo no parlamento, a súa posición está en relación coa aprobación dese plan de rescate consensuado para hostelería, e que en todo o que se faga, todas as administracións fagan o mesmo esforzo e acheguen a mesma porcentaxe en relación aos seus respectivos orzamentos, para facer estes esforzos de maneira equitativa.
- Que na comisión de contas abstiveronse, xa que non estaba a voceira do PSOE para explicar mais en profundidade a moción de mantermos esa posición, porque entendemos que os acordos da moción tal como están formulados agora mesmo, perden sentido.

* O Sr. Rivadulla Varela (PP) indicou:

- Que sobre o punto 1. da moción, o PP e a Xunta de Galicia están de acordo de que os Concellos galegos tiveron un traballo extra e uns gastos extra por mor da Covid, pero as outras administracións como as Deputacións, gobernos autonómicos e o goberno estatal tamén tiveron os seus gastos extras.
- Que o punto 2. de instar Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento, este fondo está aínda en marcha, pero pedir que forme parte dos orzamentos que xa están aprobados e en vigor, xa non ten ningún sentido
- Que a Xunta creou un fondo de cooperación local que para este ano supón 122 millóns de euros que van para os concellos e as transferencias as entidades locais para o ano 2021 incrementase respecto ao ano 2020 en 15 millóns de euros.
- Que outra cousa é o que fixo o goberno central intentando incautar fondos a través dos aforros dos concellos.
- Que a unión europea tamén ten uns fondos, os fondos europeos de recuperación.
- Que pedirlle agora a Xunta de Galicia que faga un fondo extra nos orzamentos non ten ningún sentido, porque xa o tiveron en consideración.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

* A Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) indica que está moción presentaron antes de que se aprobaran os orzamentos da Xunta, pero aínda que estean aprobados o que pretendemos é o mesmo que indicamos na moción.

* O alcalde para indicar, que estas mocións indican a ver quen se colga a medalla, porque o fácil sería a negociación a tres bandas: Xunta, Deputación e Fegamp, que chegaran a un acordo que fora asumido por todos en vez de andar con tantas mocións. Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 6 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE), 3 votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal PP , 3 abstencións (dos 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG e 1 do concelleiro de CxG) , o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Recoñecer e pór en valor o traballo levado a acabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID_19.

SEGUNDO.- Instar a Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento nda Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de ao menos 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.

TERCEIRO.-Trasladar este acordo á Xunta de Galicia así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

3. DITAME MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, PARA O APOIO DA CREACIÓN DUN FONDO DE COOPERACIÓN GALEGO COVID-19

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada desfavorablemente o acordo proposto na moción, na Comisión Contas e de Economía e Facenda de data 01/03/2021, sendo o contido do mesmo o seguinte:

1.-O concello de Arzúa, en coñecemento da situación que atravesamos o sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integral á mesma.

2.- O concello de Arzúa comprométese a contribuír, xunto co resto de administracións públicas de Galicia, á creación do Fondo de Cooperación galego COVID-19, ao igual que o que se aprobou na Comunidade Valenciana, co obxectivo de achegar á hostalería todo o apoio



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

mobilizable desde o conxunto das administracións públicas galegas. A Xunta de Galicia aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

3.- O concello de Arzúa comprométese a estudar e, no seu caso, aplicar, as demandas que o sector ten feito ás administracións locais no ámbito das súas competencias e que algunhas teñen desbotado publicamente implementar:

3.1. A redución ou exención das taxas municipais á recollida de lixo e á auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro durante as restricións máis elevadas.

3.2. A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI); bonificacións do imposto sobre construcións instalacións e obras (ICIO) en relación as licencias de obra que se soliciten co fin de adaptar os locais as medidas de seguridade impostas pola situación sanitaria e bonificación do imposto sobre vehículos necesarios para a actividade (IVTM) no caso do comercio e a hostalería.

4.- O concello de Arzúa solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico ao 4%, que prolongue os ERTES de xeito consensuado cos axentes sociais mentres duren os efectos da pandemia e que inclúa axudas directas ao sector da hostalería no Plan de Rescate aprobado polo Consello de Ministros.

Deseguido leváronse a cabo as seguintes intervencións:

*Do Sr. Rivadulla Varela (do PP) para explicar:

- Que nesta moción aparece o que se comentou antes sobre a participación da Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos para este fondo de cooperación galego Covid-19, esta é unha idea inicial co que empezar a negociar despois poderíase chegar a outro tanto por cento, non tiña que ser estritamente de una 50% para a Xunta, 30% para Deputación e 20% para os concellos.

- Que todos os partidos deberiamos estar todos de acordo de que se ten que facer este fondo e que ten que haber un reparto entre as distintas administracións.

-Que tamén se menciona o sector hostaleiro, pero non é o único prexudicado, hai outros sectores prexudicados, por eso se sacaron unhas axudas, no segundo plan de rescate que non so están pensadas para o sector da hostalería, senón que están pensadas para outros sectores que se viron tamén prexudicados.

-Que pediamos unha serie de medidas que se poderían levar a cabo desde este Concello en canto a redución nalgúns impostos e taxas, pero que xa desde o concello se dixera nalgunha ocasión que non se podía facer nada porque había taxas que non se podían reducir mais e que xa fixeran bastante.

- Que sabe que hai concellos que o fan doutra maneira, e que aínda que cada concello ten as súas singularidades, cre que dende este concello se pode facer mais para este ano e pide que nos vindeiros orzamentos se teña en conta todo isto.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar:

- Que esta moción é un pouco descabellada en canto a porcentaxe que teñen que aportar as distintas administracións, xa que un concello como Arzúa que teña que pagar un 20%, igual que outro concello mais grande coma por exemplo A Coruña e moi relativo, se por encima de aportar un 20% e lle temos que sumar a iso baixar os impostos.
- Que o que si que lle pareceu moi lóxico foi a proposta da Deputación da Coruña, no tema de que aportara o 1% a Xunta de Galicia, 1% a Deputación e 1% os Concellos nos concellos dependendo do nivel de hostalería que tiveran e areas turísticas, o concello como Arzúa si que se beneficiaría moito porque podería servir para que moitos que están sufrindo esta crise saíran adiante, pero o PP votou en contra.

* Do Sra. López Sobrado (do BNG) para indicar:

- Que todas as mocións que se traen hoxe a debate están todas referidas a mesma cuestión sobre a aportación de cada administración.
- Que a postura que mantén o BNG é de que todas as administracións fagan un esforzo igual que estea acorde co seu nivel orzamentario, púxose sobre a mesa de parte do BNG esa proposta do 1%, en todo caso a porcentaxe que se acorde debería ser consensuada e acordada pola Xunta, deputacións e concellos, o PP tivo oportunidade de consensuar isto con estas administracións, pero lamentablemente non quixo, o que fai que a día de hoxe esas negociacións se poidan dar por pechadas, a Xunta segue operando de maneira unilateral e continúa botando cargas competenciais sobre os concellos dándolle igual o tamaño e recursos que teñan.
- Que pensan que en lugar de presentar mocións como esta polos concellos adiante, o que debería de facer o PP e mirar por chegar a un acordo que permita crear ese fondo de maneira consensuada e sen que ningunha administración saía prexudicada, que a proposta que había sobre a mesa de que cada quen aporte en base o que ten, parécelles que é a opción mais equitativa, xusta e correcta, por ese motivo votaron en contra desta moción na comisión de contas e vanse manter na mesma posición neste pleno.

* Do Sr. Alcalde para manifesta:

- Que non lle serve o argumento de que noutros concellos están facendo esto ou u otro, uns concellos fan unhas cousas e outros outras, depende do tipo de concello e a situación que teña, o tema dos impostos xa foi debatido en moitos plenos.
- Que van ter a a oportunidade de ter un avance dos orzamentos, e van ver como están, e lle gustaría que tiveran en conta que neste concello queda moito por facer en canto a contratación de servizos, todos os contratos de servizos que se foron sacando aumentaron, que eran contratos tan importantes como o da electricidade, telefonía e algúns outros.
- Que dende os servizos económicos estalle avisando de que trate de conter o gasto este ano, o 2022 por lóxica suponse que vai ser un ano complicado e non saben se van



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ter a aportación que tiveron este ano da Deputación para o tema de servizos sociais.
-Que o papel da oposición é intentar gañar votos e sacar ao alcalde do seu posto, pero el ten outra responsabilidade que é a xestión do concello.
-Que anteriormente coa crise económica do 2008 fixérase a revisión do catastro e optouse por baixar os índices que había naquel momento tanto en urbana como en rústica, e agora está nos índices normais que teñen a maioría dos concellos, optouse tamén por non subir o recibo do lixo e así sucesivamente co resto dos impostos. Estamos no IBE urbano no 0,5 e cando fixeron a revisión mirárase de por o 0,4 pero os servizos económicos alertaron de que non era posible porque non cadraban as contas.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, non aprobando a mesmo, por 4 votos a favor (3 votos dos concelleiros/as PP e 1 concelleiro de CxG), e 8 en contra (5 dos concelleiros/as de AxA, 2 dos concelleiros/as do BNG e 1 da concelleira do PSdeG-PSOE).

4. DITAME MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO BNG, XOAN XESÚS CARRIL RAMOS, SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES DE APOIO AO SECTOR DA HOSTALERÍA.

A secretaria da lectura da proposta de acordo da moción, ditaminada desfavorablemente na Comisión de contas e de economía e facenda, de data 01/03/2021, sendo o contido do mesmo o seguinte:

1).- Instar a Xunta de Galiza a que adopte as seguintes medidas: - Constituír un Plan de Rescate Específico para o sector da hostalaría (bares, cafetarías, restaurantes, ocio nocturno e salas de concertos) e persoas autónomas e PEMES directamente asociadas e dependentes do sector (distribuidoras); todas elas especialmente afectadas polas restricións adoptadas para frear a propagación da COVID-19. Un Plan que cubra o 70% das perdas ocasionadas polas restricións e sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas. - Para dar resposta aos sectores económicos afogados polas consecuencias derivadas da pandemia, instar á Xunta de Galiza a que exerza o liderado que se lle esixe polos sectores afectados e impulse un grande acordo baseado na colaboración inter-administracións, co mesmo esforzo orzamentario por parte de todas, e cun mecanismo de xestión áxil co obxectivo de facer chegar no prazo máis breve posíbel as axudas aos sectores máis afectados pola COVID-19, entre eles o da hostalaría. - Flexibilizar os trámites administrativos e requisitos exixidos para poder acceder ás axudas. - Ampliar até os 8 anos o prazo para amortizar os créditos concedidos pola Xunta ás persoas autónomas.

2).- Instar ao Goberno do Estado a: - Estabelecer unha liña de axudas directas específica para o sector da hostalaría e negocios directamente asociados e dependentes do sector, que sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

públicas. - Exonerar do pago das cotas de seguridade social ás persoas autónomas do sector da hostalaría afectadas polas restricións totais ou parciais de actividade. - Exonerar do pago das cotas empresariais á seguridade social correspondente ao tempo do peche para aqueles autónomos do sector gravemente afectados pola necesidade de adoptar restricións de actividade. AO COIDADADO DO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA - Ampliar até os 3 anos o período de carencia dos créditos ICO, de maneira que haxa un período mínimo para alcanzar un nivel de actividade que permita a devolución da financiación. - Rebaixar a un 4% o IVE da enerxía eléctrica en lugar do 10% ou o 21% que se lle vén aplicando, o que sería unha axuda directa para facilitar o pagamento da subministración eléctrica nun momento de redución drástica dos ingresos no sector. Unido a isto, é importante que se garanta a ausencia de cortes de subministro motivada por posíbeis impagos.

3) O Concello de Arzúa comprométese a: - Estudar, seriamente e sen demora, a exención de taxas e impostos municipais (auga, lixo comercial, ocupación do espazo público con terrazas, IBI etc.) nun horizonte que abrangha máis alá da anualidade 2021, de maneira que haxa un período mínimo de tempo para alcanzar un nivel de recuperación da actividade que permita facer fronte a estes pagamentos cun maior desafío para os negocios afectados. - Adherirse á proposta que o Goberno galego ten riba da mesa, consistente no dun Plan de Rescate que contemple liñas de axudas en colaboración con outras administracións (Xunta de Galiza, Deputacións e Concellos) co mesmo esforzo orzamentario por parte das diferentes entidades.

Sendo o contido da moción o seguinte:

“Xoán Xesús Carril Ramos, Portavoz Municipal do BNG no Concello de Arzúa, ao abeiro da normativa vixente presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no vindeiro Pleno da Corporación Municipal

MOCIÓN SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES DE APOIO AO SECTOR DA HOSTALARÍA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta situación de pandemia na que nos atopamos, un dos sectores máis afectados é o da hostalaría. As medidas adoptadas para paliar os efectos da pandemia poñen a este sector nunha situación delicada e a moitos dos locais ao borde do peche.

Un sector que supón o 20% do PIB galego e que emprega a máis de 66 mil persoas no noso país, no que levamos de ano leva unha perda acumulada de emprego do 40%.

Arzúa non é allea a esta situación. O peche parcial dos locais meses atrás, e total no momento de redactar esta moción, implica a desaparición ou redución de ingresos que lles impide poder facer fronte aos gastos fixos que implica ter un local (alugueiro, luz, auga, electricidade, ...). Isto é un golpe que afecta ao sector de forma drástica e que pode levar a moitos destes negocios á desaparición.

A repercusión que estes peches teñen, para o sector especialmente, pero tamén para conxunto do



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

noso concello, vai ser dunha magnitude difícil de predicir. A perda de postos de traballo repercute no poder adquisitivo e iso lévanos a un perigoso efecto dominó que afectará á economía da nosa contorna. Asemade a hostalaría, xunto co comercio, contribuíu sempre a tecer unha Arzúa máis viva e dinámica, por iso, agora máis ca nunca, cómpre protexelos.

No BNG cremos que o sector da hostalaría na Galiza en xeral, e en Arzúa en particular, que emprega a un importante número de persoas, merece que se tomen MEDIDAS URXENTES que permitan a súa subsistencia.

Mentres outras comunidades autónomas puxeron en marcha axudas directas hai meses, o sector segue demandando que a Xunta de Galiza o faga. Despois de case un ano de pandemia no que os ingresos dos negocios foron nulos ou moi escasos a situación é dramática e urxe un Plan de Rescate con axudas directas que garanta os postos de traballo e a continuidade da actividade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Arzúa propón á Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1).- Instar a Xunta de Galiza a que adopte as seguintes medidas:

- Constituír un Plan de Rescate Específico para o sector da hostalaría (bares, cafetarías, restaurantes, ocio nocturno e salas de concertos) e persoas autónomas e PEMES directamente asociadas e dependentes do sector (distribuidoras); todas elas especialmente afectadas polas restricións adoptadas para frear a propagación da COVID-19. Un Plan que cubra o 70% das perdas ocasionadas polas restricións e sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas.
- Para dar resposta aos sectores económicos afogados polas consecuencias derivadas da pandemia, instar á Xunta de Galiza a que exerza o liderado que se lle esixe polos sectores afectados e impulse un grande acordo baseado na colaboración inter-administracións, co mesmo esforzo orzamentario por parte de todas, e cun mecanismo de xestión áxil co obxectivo de facer chegar no prazo máis breve posíbel as axudas aos sectores máis afectados pola COVID-19, entre eles o da hostalaría.
- Flexibilizar os trámites administrativos e requisitos exixidos para poder acceder ás axudas.
- Ampliar até os 8 anos o prazo para amortizar os créditos concedidos pola Xunta ás persoas autónomas.

2).- Instar ao Goberno do Estado a:

- Estabelecer unha liña de axudas directas específica para o sector da hostalaría e negocios directamente asociados e dependentes do sector, que sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas.
- Exonerar do pago das cotas de seguridade social ás persoas autónomas do sector da hostalaría afectadas polas restricións totais ou parciais de actividade.
- Exonerar do pago das cotas empresariais á seguridade social correspondente ao tempo do peche



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

para aqueles autónomos do sector gravemente afectados pola necesidade de adoptar restricións de actividade.

- Ampliar até os 3 anos o período de carencia dos créditos ICO, de maneira que haxa un período mínimo para alcanzar un nivel de actividade que permita a devolución da financiación.
- Rebaixar a un 4% o IVE da enerxía eléctrica en lugar do 10% ou o 21% que se lle vén aplicando, o que sería unha axuda directa para facilitar o pagamento da subministración eléctrica nun momento de redución drástica dos ingresos no sector. Unido a isto, é importante que se garanta a ausencia de cortes de subministro motivada por posíbeis impagos.

3) O Concello de Arzúa comprométese a:

- Estudar, seriamente e sen demora, a exención de taxas e impostos municipais (auga, lixo comercial, ocupación do espazo público con terrazas, IBI etc.) nun horizonte que abrangua máis alá da anualidade 2021, de maneira que haxa un período mínimo de tempo para alcanzar un nivel de recuperación da actividade que permita facer fronte a estes pagamentos cun maior desafogo para os negocios afectados.
- Adherirse á proposta que o Goberno galego ten riba da mesa, consistente no dun Plan de Rescate que contemple liñas de axudas en colaboración con outras administracións (Xunta de Galiza, Deputacións e Concellos) co mesmo esforzo orzamentario por parte das diferentes entidades.

En Arzúa, a 18 de febreiro de 2021”

Deseguido intevañen:

* A Sra. López Sobrado (BNG) o cal manifestou:

- Que non vai ler dita moción porque cre cos acordos que leu a secretaria xa se entende de que vai.
- Que presentaron esta moción específica sobre a necesidade de adoptar medidas urxentes para axudar ao sector da hostalería, entre outras cousas porque é un sector que neste concello ten un peso importante do cal dependen economicamente unidades familiares enteiras e despois dos últimos meses de restricións e de peche obrigado víronse moi afectados, por iso pensaron que era de recibo presentar esta moción.
- Que pensan que é unha moción equilibrada en canto as demandas que se realizan a cada unha das administracións públicas, tanto a Xunta, como ao goberno do estado como ao concello, e tamén é equilibrada se temos en conta as competencias que ten cada administración.
- Que ten un peso importante na moción a proposta dun plan de rescate para o sector hostaleiro, que entronca na liña do que viñeron falando ata o de agora neste pleno, que cada administración achegue a ese fondo a mesma porcentaxe en relación ao seu orzamento.
- Que pensan que isto é o mais equitativo e o mais xusto, e así o defenden, ademais é



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

unha opción que conta co apoio do sector da hostalería, que así teñen manifestado neste sentido nas distintas plataformas que se teñen creado para defender este sector.

- Que aínda que a día de hoxe as negociacións deste plan de rescate e o fondo común están pechados, pensan que sería positivo que se retomasen e que chegasen a bo porto, nese sentido introducen na moción un acordo para que o Concello de Arzúa manifeste a súa adhesión a esta proposta, que pensamos que é a mais xusta para un concello cun nivel orzamentario como este.
- Que solicitan ao concello que estude a exención dalgunhas das taxas municipais que o sector a hostalería ven sufragando como por exemplo as terrazas, tendo en conta que o propio goberno municipal xa ten manifestado, así na comisión doutro día, que para as arcas municipais é pouca cuantía, pero para o peto dos veciños/as que dependen da hostalería sería unha axuda mais.

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestou:

- Que nesta moción o que solicitan a Xunta e mais ou menos o que solicitan eles na moción tratada anteriormente,
- Que no tema do goberno, agora mesmo os ertes están en vigor
- Que o tema dos bonos sociais polo tema da luz, nin dende o estado nin dende o concello se lle corta a luz a xente, por moitos motivos e sobre todo porque están os asuntos sociais con este tema.
- Que desde os concellos constalle que se está a facer moitísimo, e o tema do Covid está indo mais ben enriba das administracións locais, polo que non vai votar a favor desta moción porque habería que sacar o tema do compromiso do concello de Arzúa, este concello non se pode comprometer a baixar o lixo e moitos impostos, o tema dos impostos das terrazas xa está suprimido.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) o cal indicou:

- Que entre que se presentan estas mocións e se tratan no pleno a veces xa non ten moito sentido, o BNG presentou esta moción o día 18 de febreiro, e xusto ese día saía unha orde que contempla dous programas de axudas, un para autónomos e outro para micro empresas, e o día 19 saíu una Orde para axudas de exención do canón de auga ara centros de restauración e ocio afectados polo Covid, outra cousa é que os artidos non lles guste o contido destas convocatorias.
- O primeiro plan de rescate da hostalería que era de 38 millóns de euros para toda Galicia, en Arzúa concretamente deixou en 58 axudas 112.125 euros, esto foi debido a un acordo que houbo entre distintas asociacións que cre que eran cinco unha por cada provincia e a de Santiago, a única que non estaba a favor era a asociación de Santiago, e dou o seu apoio o clube de turismo. No segundo plan de rescate tamén houbo un consenso, e non estaba só o sector de hostalería, senón que se incorporaron asociacións de autónomos e unha asociación a nivel nacional como é a UGT, polo que non entenden as queixas doutros partidos a este plan en concreto,
- A Xunta dou axudas directas e o estado non, solo para investimento, polo que é unha pega bastante grande para algunha xente que non esta en disposición de acometer gastos para facer investimentos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Non é o mesmo facer unha proposta de 50%, 30% e 20% que do 1% para o tema do orzamento, xa sabe que cada concello é diferente, non é o mesmo o concello de Arzúa que o da Coruña.

- Que porque se convocaron as axudas indicadas o día 18 de febreiro e o día 19 de febreiro, non tería moito sentido que votaran a favor desta moción. O partido popular a nivel autonómico pedía incorporar unha serie de emendas a moción presentada polo bng o cal se negou o bng, polo que van votar en contra.

* O alcalde indicou:

- Que se nalgún momento se chega a un acordo o concello de Arzúa participara coa parte que lle corresponda, nese sentido non vai haber problema.
- Que o que se está facendo é que cada administración está poñendo parches e sería moito mellor que houbera un plan de rescate asumido polas tres administracións e o final serían cartos mellor xestionados e non cada administración andar poñendo un parche en distintos momentos.

* A Sra. López Sobrado (do BNG) indicou que quere puntualizar dúas ou tres cousas que saíron no debate:

- Que a Xunta sacou esas axudas, que por certo chegan con bastante retraso.
- Que o plan de rescate que sacou a Xunta uniteralmente despois de romper as negociacións coas demais administración, non é que as organizacións políticas digamos que está mal, cre que o sector é quen está a dicir que non é suficiente.
- Que manteñense na súa postura inicial, pensan que un fondo de axudas directas, podería ser moito maior e haber maior aporte económico se se estivese disposto a chegar a acordos, a un acordo que o PP non estivo disposto a chegar e que o BNG ten esta postura e así o manifestou e seguiran a dicilo, que poñan tres administracións cartos non é o mesmo a que só aporte unha, para o pobo non é o mesmo que nunha a situación de pandemia poidamos chegar os grupos políticos a un acordo, que trasladar que somos unha xaula de grilos.
- Que en relación as taxas municipais, que lle parece inxusto que estando obrigados o sector da hostalería a pechar sen ningún tipo de axuda, que se lle teña que cobrar por un servizo do que non fixeron uso, como por exemplo o lixo, e insisten en que se debería estudar a exención do 100% desas taxas ou se iso non é posible que se lles exima de pagar o tempo que tiveron os negocios pechados.
- Que en relación a ordenanza das terrazas, saben que está suspendida, acordouse neste pleno no que se refire a anualidade 2021, mais o que formulan nesta moción é que se estude a posibilidade de estender iso un período de tempo que permita o sector recuperarse, e no que se poida facer o posible, a situacións excepcionais medias excepcionais.

*O alcalde indicou:

- Que o seu grupo vai votar en contra desta moción, mais que nada polo tema do compromiso do concello, porque non pode asumir certas propostas, pode asumir o das terrazas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- Que con respecto o que dicía o Sr. Rivadulla Varela de que hai concellos que o fan, que unha media do que se paga polo lixo nos demais concellos pode andar en 70 ou 80 euros , nos concellos veciños nas parroquias pagan 70 euros e neste 35 euros, e xa non sabe que mais se podería baixar.
- Que unha vez que estean os orzamentos procurárase incorporar as axudas que se poidan, como xa dixo intentaron incorporar unha cantidade para o grupo que quedou fora das axudas do PEL reactiva e despois ao longo do ano, dependendo da situación haberá que facer modificacións de crédito como o ano pasado para asumir mais axudas.
- Que o tema de baixar os impostos veo difícil, o do lixo que é no que mais se recalca non ten moita marxe de manobra, porque o recibo segue igual dende que se implantou o servizo de recollida de lixo.

*A Sra Balado Conde (PSdeG-PSOE) indicou, que no Plan e no convenio de Deputación e Concello están xustificando todos os gastos, recibos, seguros etc e todos eles presentan como xustificante de gastos o recibo de lixo do ano 2020.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, non aprobando a mesmo, por 3 votos a favor (2 dos concelleiros/as do BNG e 1 concelleiro de CxG), e 9 en contra (5 dos concelleiros/as de AxA , 3 votos dos concelleiros/as PP e 1 da concelleira do PSdeG-PSOE).

5. DITAME EXPEDIENTE ADHESIÓN INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA. EXPTE. TEDEC 2021/A006/000004

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 01/03/2021, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Arzúa ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde José Luis García López a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

Interveñen:

*O Sr. García Vázquez (de CxG) o cal indicou, Quere dar os parabéns, xa lle parece unha medida moi interesante para o concello, segundo puido ver o concello de



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Boimorto comparte este plan, espera que sexa efectivo coa contratación deses axentes ambientais.

*A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou, que é unha adhesión moi importante para este concello.

* O Sra. López Sobrado (BNG) para indicar:

- Que segundo manifestaron na comisión votaron a favor desta adhesión, segundo puideron comprobar xa moitos concellos da contorna están adheridos a esta iniciativa desde o ano 2019.
- Que pensan que é positivo sempre é cando non quede só no papel, senón que se leven a cabo as actuacións que nel se recollen.

* O Sr. Rivadulla Varela (PP) para indicar:

- Que na comisión votaron a favor, é algo que se podería ter feito antes, hai un 70% dos concellos de Galicia que xa asinaron este pacto, está moi ben sobre todo de cara a subvencións é un requisito previo.
- Que xa enviara por correo o ano pasado e agora tamén o enviou que sería interesante para este concello non só asinara este pacto senón pertencer a rede española de cidades polo clima, que entre outras cuestións tamén se encarga deste pacto para votarlle un cable os concellos e poder facer o que ven recollido como compromiso, porque non só é elaborar un plan senón que tamén hai que cumprilo, pode ser un gasto para o concello, pero finalmente ten unha repercusión positiva, por que determinar onde se están acometendo gastos de tipo enerxético e poder actuar sobre eles economicamente vai compensar
- Que falou co alcalde de Vedra que está metido na rede española de cidades polo clima que pertence a FEMP, había unha cota de 150 euros o ano para o concello de Arzúa, e comentoulle que é moi positivo, a cota moi alta non é, e o beneficio era maior.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros presentes (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 3 concelleiros/as do grupo municipal PP, 1 do concelleiro de CxG e 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG), o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Arzúa ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde José Luis García López a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

6. INFORMES ECONÓMICOS

6.1. AVANCE LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2020.

Dáse conta de dito avance o cal consta no expte. Tedec 2020/X999/000050, o cal foi remitido os concelleiros por correo electrónico o día 02/04/2021.

6.2 . PERIODO MEDIO DE PAGO E INFORMES DE MOROSIDADE.

Dáse conta do informe Periodo Medio de Pago, asinado polo alcalde o 01/02/2021 e remitido os concelleiros por correo electrónico o día 02/04/2021, sendo o contido o seguinte:

DATOS GENERALES |

DATOS IDENTIFICATIVOS DEL INFORME PMP:

Codigo corporacion local: 11-15-006-AA-000

Nombre corporacion local: Arzua

Ejercicio: 2020

Periodo: Cuarto trimestre

DATOS INTERVENTOR:

El interventor GEMA LEAL INSUA, con DNI 32814643Z, con las observaciones:
falta

de seguimiento de la fecha exacta de conformidad de las facturas, se establece la fecha de aprobacion de los documentos por defecto, se esta trabajando desde mi incorporacion de la puesta en marcha de un aplicativo de conformidad de facturas.

Se ha advertido de la existencia de facturas cuyo gasto fue reconocido y ordenado el pago en alguno de los casos que estan pendientes con anterioridad a 3 meses, incluso alguna de anos anteriores...pendiente de resolver
El firmante, en calidad de Interventor de la Entidad, comunica los datos de conformidad con el Articulo 4.1 b) de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de informacion previstas en la Ley Organica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera y de conformidad con lo establecido en la Disposicion Transitoria Unica del Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodologia de calculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Publicas y las condiciones y el procedimiento de retencion de recursos de los regimenes de financiacion, previstos en la Ley Organica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera."

DETALLE DEL INFORME PMP |

[1]. Arzua

Ratio operaciones pagadas: 7,41

Importe pagos realizados: 1.124.061,61 €

Ratio operaciones pendientes: 7,20



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Importe pagos pendientes: 148.926,77 €
PMP: 7,39
PMP Global:
Importe pagos realizados: 1.124.061,61 €
Importe pagos pendientes: 148.926,77 €
PMP: 7,39
--- fin del texto ---

Dáse conta do informe de morosidade, asinado polo alcalde o 01/02/2021 e remitido os concelleiros por correo electrónico o día 02/04/2021, no que consta :

DETALLE INFORME MOROSIDAD

[1]. Arzua

Table with columns: Periodo, Dentro Periodo Legal Pago, Fuera Periodo Legal Pago, Pagos Realizados en el Periodo, PMP, Numero de, Importe, etc. Includes sub-sections like Gastos en Bienes Corrientes y Servicios, Arrendamientos y Canones, Reparaciones, etc.

FIRMANDO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 30/04/2021 12:01:00) , José Luis García López (FECHA: 30/04/2021 14:30:00)

Versión imprimible

CVD: bViyunVAYz6uHhKtstKc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

--

| |
Intereses de Demora Pagados en el Periodo |
Intereses de Demora Pagados en el Periodo

| |
Numero de | Importe Total |
| |
Pagos | Intereses |

|-----|
+-----+-----|
| Gastos Corrientes en Bienes y Servicios |
0| 0,00|
| Inversiones reales |
0| 0,00|
| Otros Pagos realizados por operaciones comerciales |
0| 0,00|
| Pagos Realizados Pendientes de aplicar a Presupuesto |
0| 0,00|
|TOTAL intereses de demora pagados |
0| 0,00|

--

--

| | Periodo
Medio | Dentro Periodo Legal Pago | Fuera Periodo Legal Pago |
| Facturas o Documentos Justificativos | Pago
Pendiente| al Final del Periodo | al Final del Periodo |
| Pendientes de Pago al Final del Periodo |

(PMPP) |-----+-----|
| |
(días) | Numero de | Importe | Numero de | Importe |
| |
Operaciones | Total | Operaciones | Total |

|-----+-----+-----|
+-----|
| Gastos en Bienes Corrientes y servicios |
54,37| 25| 27.801,93| 48| 5.796,55|
| 20.- Arrendamientos y Canones |
13,00| 1| 217,38| 0| 0,00|
| 21.- Reparaciones, Mantenimiento y Conservacion |
7,13| 2| 20.428,51| 0| 0,00|
| 22.- Material, Suministros y Otros |
128,99| 22| 7.156,04| 46| 5.772,86|
| 23.- Indemnizaciones por razon del servicio |
449,14| 0| 0,00| 2| 23,69|
| 24.- Gastos de Publicaciones |



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

0,00| 0| 0,00| 0| 0,00|
| 26.- Trabajos realizados por Instituciones s. f. de lucro |
0,00| 0| 0,00| 0| 0,00|
| Inversiones reales |
11,24| 3| 71.138,53| 0| 0,00|
| Otros Pagos pendientes por operaciones comerciales |
469,00| 0| 0,00| 2| 12,00|
| Operaciones Pendientes de aplicar a Presupuesto |
0,14| 9| 68.195,60| 0| 0,00|
|TOTAL operaciones pendientes de pago a final del trimestre |
15,27| 37| 167.136,06| 50| 5.808,55|

--

(Pódense consultar no portal de transparencia)

7. DAR CONTA BORRADOR DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTO XERAL (EN APLICACIÓN ARTIGO 107 DO ROM PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS)

Indica o alcalde que se adiantou os concelleiros documento de anteproxecto do orzamento 2021, e en breve remitiráselles o estado de gastos e ingresos xunto coa remisión dese listado daráselle un prazo para que poidan realizar as aportacións que vexan.

Dáse conta de dito borrador, que consta no expte. Tedec 2021/T004/000001, asinado polo alcalde o 2 de marzo de 2021 e enviado por correo electrónico aos concelleiros ese mesmo día.

8.- DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 680/2020 de data 30 de decembro de 2020 ata o nº 80/2021 de data 26 de febreiro de 2021.

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Manifesta a Sra. López Sobrado (do BNG) :

- Que teñen unha **moción relativa as demandas do feminismo e as mobilizacións das mulleres de cara o día internacional das mulleres que será o vindeiro 8 de marzo**, e que sendo hoxe 4 de marzo o Pleno, pensa que se xustifica suficientemente a urxencia para que se produza aquí un debate.

Tras a explicación da Sra. López Sobrado, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, por 12 votos a favor adoptouse considerar xustificada a urxencia; polo que se procedeu ao debate de dita moción.

Sendo o contido da moción o seguinte:

“Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galicia porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e est crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste o presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise do covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindíbel a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polo servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que mais riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coas espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e mais reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.

Por todo o exposto o Pleno do Concello de Arzúa Acorda:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1. Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os cuidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen cuidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso, desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
2. Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.
3. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención a dependencia. Mentres tanto, en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.”

Indica a Sra. López Sobrado:

- Que esta moción o que ven a expresar e que o ano pasado as mulleres e o movemento feminista galego, saía a rúa co lema “sen cuidados non hai vida”, e o que deixou claro esta pandemia é que ese lema era moi certo, que as mulleres e o papel das mulleres é esencial para o sostemento da vida e para os traballos que son esenciais neste sociedade na que vivimos.
- Que nese sentido corresponde a todas as institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se están agravando en Galicia coa pandemia, desgraciadamente parece que se van agravar mais nos vindeiros anos.

Interveñen:

*A Sra. Balado Conde para indicar:

- Que é unha magoa que este ano co tema da pandemia non se puideran manifestar da forma que tiñan que facelo, aínda así hai moitas maneiras de manifestar o feminismo e a igualdade e a defensa das mulleres, votará a favor desta moción.

*O Sr. Rivadulla Taboada (do PP) para manifestar:

- Que é unha moción coa que están de acordo, pero nalgún punto non tanto, por exemplo no relativo as convocatorias do feminismo galego, o PP no parlamento presentara unha emenda que dicía así:“*Recoñecer a todo o feminismo galego polo seu impulso e traballo a favor da igualdade real, non so nas convocatorias das datas significativas como as do 8 de marzo, senón a súa labor durante todo ano, así como a todas esas traballadoras que desde os recursos especializados fan posible a mellora das condicións de vida de toda a sociedade en xeral e das mulleres galegas e das súas familias en particular*”, esta emenda non ven recollida nesta moción.
- No punto segundo da moción indica “*demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia a*



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Comunidade autónoma galega. “

E da Xunta de Galicia o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero”. Esta ultima parte non está permitido pola lexislación estatal, aínda que a intención é boa.

-Co terceiro punto da moción do financiamento do SAF, están en contra, ten unha colaboración institucional bastante forte a Xunta de Galicia, os concellos sempre queren máis, houbo un reforzo no orzamento de 2021, cren que está máis que xustificado e é máis que suficiente

*O alcalde manifestou:

Que a cantidade que se aporta leva moitos anos sen cambiarse e afortunadamente as contratacións novas que saíron do Servizo de Axuda no Fogar, xa saíron tendo en conta os salarios que por convenio teñen que percibir as traballadoras, co cal esas contratacións subiron bastante de prezo e a cantidade aportada segue sendo a mesma. Van a votar a favor desta moción.

*A Sra. López Sobrado (do BNG) indicou:

- Respecto o indicado polo Sr. Rivadulla Varela de que lexislación non o permite, pero a lexislación pódese cambiar, xa que se cambian cada dos por tres leis no estado, apróbanse leis no parlamento.
- En relación co tema do SAF, considera que a situación da mesma é escandalosa, que a día de hoxe non se estea poñendo sobre a mesa a necesidade de que haxa un sistema público de asistencia e de coidados, despois de todo o que pasou e vivimos neste último ano coas situacións das residencias de anciáns e todo o que ten que ver co coidado de dependentes e de persoas maiores. Pensamos que ese é o camiño e ese é o camiño que nos está marcando o movemento feminista e nese sentido o BNG apoia plenamente e pensan que é o camiño do futuro, o contrario é seguir arrastrando a sociedade e seguir creando unha sociedade cada vez máis decadente, na que acabará por haber persoas que por falta de recursos morran soas nas casas e sen ninguén que as atenda.
- Que os concellos estean facendo fronte practicamente, cunha precariedade total ao que son os recursos que se aportan ao SAF e que a Xunta siga sen incrementar esa dotación é escandaloso.
- En relación coas mobilizacións, estanse vivindo nos últimos días un intento de criminalización das mobilizacións do feminismo galego, cando leva habendoas todo este tempo, vaía por diante que o dereito de manifestación é un dereito fundamental, e nas circunstancias nas que estamos ten que producirse con todas as garantías hixiénico sanitarias e nese camiño é como está o movemento feminista enfocando as mobilizacións que vai haber o 8 de marzo, mobilizacións seguras, nas que se van establecer protocolos, bastante máis seguras que as que se permitiron noutro tipo de colectivos, como os colectivos negacionistas, no que non había nin distancias nin mascarar e non pasou nada, pero agora o problema resulta que é as mobilizacións do feminismo, e



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

preguntase se o problema e a covid-19 ou é que as mulleres se mobilicen, o que lles fastidia a algúns e o feminismo e o seu avance.

- Quere agradecer as forzas políticas que van apoiar esta moción, e agardar que para o vindeiro ano non haxa que traer mocións como esta, porque sería un bo síntoma.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación esta moción, por 9 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG e 1 do concelleiro de CxG)), 3 votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal PP, o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso, desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

SEGUNDO.- Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galicia o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a asumir as súas competencias en materia de atención a dependencia. Mentres tanto, en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica que quere presentar unha moción por urxencia, **para instar ao presidente do goberno de España a condenar de maneira firme e expresa as declaracións realizadas por dirixentes do partido que elixiu como socio de goberno contra a democracia española e a favor dos violentos; e a apoiar as forzas e corpos de seguridade do estado, as policía municipais e autonómicas ante os graves disturbios acontecidos en diversas cidades españolas polo detención do condenado Pablo Hasél,** explicando:

- Que estes días se están a producir protestas en distintos puntos de España e tamén aquí en Galicia pola detención de Pablo Hasel polo contido de parte das súas cancións, estáselle pedindo unha resposta contundente ao



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

presidente de España para condenar firmemente estes actos para que faga unha declaración pública de cara as actuacións que teñen algúns membros do seu goberno, como persoas que están dentro de unidas podemos, hoxe Pablo Echenique vai ser investigado pola policía do tribunal superior.

-Esta moción non pode esperar para o vindeiro pleno, porque o que se está solicitando é unha condena a uns actos que están tendo lugar estes días que son bastante graves.

Indica a Sra. López Sobrado (do BNG) que eles non teñen esa moción.

Contesta a secretaria que só a teñen ela e o alcalde, en caso de que se aprobe a urxencia lle será entregada.

O alcalde somete a votación a urxencia de ser tratada agora esta moción, votando a favor os tres concelleiros/as do PP e en contra 9 concelleiros/as (5 de AxA, 1 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 CxG), polo tanto dita moción non prospera.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

O alcalde contesta as seguintes preguntas realizadas no pleno 07/01/2021:

- Respecto a pregunta ¿ Se o concello de Arzúa se acolleu a entrar na area metropolitana de Santiago? Xa que venceu o prazo para acollese a ela no mes de decembro e gustaríanos saber se o concello de Arzúa se acolleu ou ten pensado facer algo con respecto a ese tema ou non.

Como todos sabemos cambiou a empresa que fai o transporte de Santiago a Lugo e xa empeza a haber problemas, hai xente que está viaxando de Palas de Rei a Santiago e o billete é mais barato que de Arzúa a Santiago.

Que lles gustaría que se instase a empresa a cumprir os horarios de saída das paradas, o horario que ten a empresa no seu calendario é incumpible, pero o que non pode ser é que se ten unha saída a unha hora dunha parada, o autobús saía antes desa hora desa parada.

O alcalde contesta:

- Que remitiron un correo trasladando as queixas a empresa Monbus, como ao servizo galego de mobilidade, a empresa Monbus contestoulles remitíndo os horarios, despois tivemos coñecemento que as persoas que puxeran aquí as queixas agredieron a mediación e dicindo que se lle baixara o prezo do bono como 30 euros.

-Que respecto a entrar na area metropolitana de Santiago, chamou o xefe territorial de mobilidade, o cal comentoulle que dentro duns meses estaría funcionando unha única area metropolitana, polo que todo o territorio de Galicia podería beneficiarse un pouco das rebaixas, estarán pendentes e volverá a chamar dentro dun tempo para saber en que situación se atopa.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Respecto a pregunta de Que o concello de Arzúa non sal na campaña que se está a facer de "Acende o Xacobeo", é un video que fixo a Xunta de Galicia no que saen case todos os concellos de todos os camiños de Santiago, e Arzúa é cruce de camiños e non sal nela. Parece ser que lle solicitaron os concellos que mandaran un monumento ou o que quixeran iluminar e do Concello de Arzúa parece ser non tiveron resposta, non saben se é certo ou non.

Polo que instan ao goberno de Arzúa que faga a súa protesta ante a Xunta de Galicia por non incluír a Arzúa, xa que entenden que Arzúa é un dos concellos mais importantes do camiño e debería saír nesa publicidade.

É unha tontería que se estea gastando diñeiro do Concello para facer campañas publicitarias, cando se fai unha campaña desas a nivel nacional e Arzúa non sae nela.

Responde o alcalde:

A esta pregunta xa contestara algo o concelleiro do partido popular, quedaron mais concellos sen participar, e non ten constancia de que se lle trasladara o concello ningunha invitación para participar nesa actividade, será cuestión de transmitirle a queixa a axencia de turismo, supón que en breves días terá oportunidade de falar co conselleiro para que noutras ocasións Arzúa sexa incorporada.

Con respecto a pregunta sobre o palco que se fixo no campo de fútbol, ¿o concello ten coñecemento de cando se vai poder retransmitir desde el ? ¿que pasa coa parte de abaixo do mesmo?, xa que non serve nin para almacén, unicamente pode servir para pegarse un baño porque parece que é unha piscina.

Responde o alcalde

-O palco do campo de fútbol segundo lle indicou o técnico foi construído tal cual lles pediron os medios de comunicación, sobre todo a televisión, polo tema das cámaras, en principio querían a parte central entre unha cabina e outra aberta, e agora ao ver que choiva pechouse cunha cristaleira.

Con respecto da opción de internet, estiveronse mirando varias opcións, a mais factible era enganchala dende o CEIP pero a consellería de educación non deixou, e agora coa remodelación do campo de fútbol intentarase meter a condución para levar ata alí

Con respecto a pregunta, de que hai queixas de bastante/s mozos/as que queren ir a xogar ao padel e non saben como proceder para poder solicitar unha pista a quen se teñen que dirixir, xa que non hai información diso, as pistas están practicamente paradas cando antes estaban masificadas, a xente de Arzúa está indo agora a Oroso ou a Santiago.

Contesta o alcalde:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-O procedemento para acceder a elas é falar co encargado das instalacións que como saben está alí moito tempo,
-Falouse de cubrir as pistas de padel e solicitouse unha subvención a Xunta de Galicia para que se poida cubrir unha delas, optase por unha polo custo e polo tanto por cento que ten que aportar o concello .

-En canto a travesía Lugo-Santiago, hai o compromiso de acometer a actuación de mellorar o aglomerado, son conscientes do estado, unha vez que aproben os orzamentos e o tempo mellore non tardara, tratase tamén de facer unha reforma nos pasos de ceбра, eliminar un do Venus a Cartafol, e o que está xunto o teatro máxico xa que é un paso de ceбра complicado pola curva, poñer outro mais central para dar paso para a praza entre unha árbore e a estatua de Juan Vidal.

-Respecto a pista da Mella, xa dixo un par de veces que non ía asfaltar agora esa pista con urxencia, porque esa pista transcorre polo monte, se ben e certo que unha houbo unha persoa que comprou unha casa que antiguamente era un muíño, a que accede por esa pista. Hai pistas mais prioritarias polas que circula mais xente.

-Con respecto as fianzas do madeireiros, non temos os recursos suficientes para facer inspección de cando están cortando, e tenlle dito a xente nas visitas que se facían antes do Covid as parroquias, que procuraran avisar cando están sacando a madeira e a xente non chaman cando están cortando, chaman transcorridos dous ou tres meses cando a pista esta estropeada.

Os maderistas de 20 cortas que fan solicitan unha no concello, e temos unha policía local só.

-Respecto os contratos do servizos, cando entraron no goberno a mediados de xuño de 2011, sacaron catro contratos de servizos: escolas deportivas, alumeado público, renting fotocopiadoras, seguros de responsabilidade civil inmobles e vehículos

-No 2012: servizo de axuda no fogar e limpeza

-No 2013: O de zonas verdes

-No 2014: EDAR e prevención de riscos

-Que como saben, este tipo de contratacións, cando se trata dun servizo que se fai reiteradamente hai que seguir un determinado procedemento, como elaborar uns pregos e facer licitación.

-Neste concello a costume era renovalos ano a ano, o alumeado público estaba desde os anos 80, os seguros outro tanto e prevención de riscos tamén. Isto facíase para aforrar cartos para poder facer mais obras.

-Por exemplo, na parroquia de Ferradal cun vendaval caeu unha árbore que destruíu o lavadoiro que había, agora había unha subvención do estado para axuda de reconstrución, ían pedir e encontráronse que non poden arranxar ese inmovible porque no catastro esta a nome da comunidade de veciños, pero no seu momento foi restaurado.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Anímaos a que pidan os lavadoiros da parroquia de Oins que están no inventario e que comparedes con todos os que foron arranxados.

-O tema da liña eléctrica de Portodemouros, el non ten constancia de que se estean a facer ningún traballo para facer unha nova liña, cre que no seu momento quedou parado, a única explicación que atopa a esa inquietude da xente polas sinais que sexan sinais que puxeron os da parcelaria.

-No punto anterior de servizos quedoulle sen mencionar a depuradora, no ano 2013 a empresa que levaba a depuradora municipal que se chamaba TESAAGUA, cobraba 6.025 euros con ive ao mes polo mantemento da depuradora, pouco mantemento se podía facer con esa cantidade, hoxe en día a empresa que ten a concesión ESPINA Y DELFIN, cobra 13.291,66 euros, mais do dobre, un mantemento alongado sen sacar a concurso e renovando ano tras ano fai que iso suceda, pero retraese a calidade do mantemento que se fai das cousas.

-As preguntas do Partido Popular, o cambio de céspede no campo de fútbol está adxudicado, hai 15 días, hai que poñerse dacordo co equipo de fútbol para ver cando sería a mellor época para acometer esa obra.

- A pregunta de ¿ Por que houbo unha empresa facendo limpeza en vías de diversas parroquias por un contrato menor asinado o 7 de xullo deste ano pasado, habendo no concello maquinaria e persoal para facelo?

Contesta que non todos os anos pero algún ano si que se ten feito a contratación dunha empresa por dúas cuestións: a problemática de contratación de persoal dependendo do tempo que faga, se ven unha primavera complicada, e por onde se rozou unha semana hai que volver a outra e cando está programado ir a un sitio a rozas xa están pedindo no primeiro que se foi que se lles volva a rozar, para facer ese reforzo contratase unha empresa.

* O Sr. García Vázquez (de CxG) fixo os seguintes ROGOS:

1º.- Que se dote o servizo de radio local cos medios necesarios para posibilitar a emisión a través de streaming.

2º.- Que se faga un intento de comunicación coa hostalería local para facilitar as credenciais do título de habitabilidade das terrazas, agora coa Orde de 25 de febreiro hai que presentar nos locais o título de habitabilidade do concello e hai bastantes locais que carecen dese título.

- Que quere PREGUNTAR a Miguel Vallo Camba, que é o responsable de tecnoloxía, ¿Cando se van instalar no concello os medios tecnolóxicos de emisión e o servidor, onde se vai instalar, cando e que tecnoloxía ofrece.

A concelleira do BNG Lucia López Sobrado indica:

- Que con respecto o tema de Portodemouros, no BOP da semana pasada saen publicados algúns dos cambios que se van facer nesa liña eléctrica, polo que algo ahí se está facendo ou se vai facer, non vai afondar mais no tema, porque non puido miralo en profundidade.

Deseguido formula as seguintes PREGUNTAS:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1º ¿Que teñen previsto facer co chiringuito de Ribadiso?

-¿ Cales foron as actuacións que se acometeron con cargo as subvencións da Xunta, na area de Ribadiso?

2º Sobre o PEL ¿ingresáronse as axudas as persoas que llas concederon, se non llas ingresaron que previsión hai para facelo?

3º ¿Teñense pensado retransmitir algún día os plenos a través de radio Arzúa?, ¿cando se vai instalar o sistema de video acta para dar cumprimento ao ROM que se aprobou neste mandato?

Formula os seguintes ROGOS:

1º.- Instan a convocatoria do consello de administración de radio Arzúa, lembrando unha vez mais, que se están a incumplir os estatutos do consello de administración.

2º.-Que se cumpra co que teñen establecido no pleno de organización deste mandato en relación coa periodicidade dos plenos que sistematicamente se incumpre e tampouco se nos xustifica porque se incumpre.

*O Sr. Rivadulla Varela do PP, formula os seguintes ROGOS:

1º.-Que o outro día recibiron un correo co proxecto de orzamentos para o ano 2021, pero non viron nada relativo a festa do queixo, polo que roga que eses cartos que se estaban destinando a festa do queixo se lles dea un bo destino

2º.-O outro día solicitaron na comisión informativa que houbera unha reunión cos taxistas antes de que remate o prazo para facer emendas a ordenanza municipal do taxi.

3º.- Atender a situación da area recreativa de Ribadiso, o ano pasado a estas alturas tamén o comentaran, chegará a primavera e ese chiringuito segue sen sacarse a concurso, as instalacións que hai agora son deficitarias tanto as deportivas coma o resto.

4º.-Solicitar o equipo de goberno que convoque dunha vez o consello da radio, para que poidamos participar e saír na mesma a oposición.

5º.-Que se dera solución dalgunha maneira os problemas que teñen hoxe en día ao edificio da Praza, xa que non poden facer obras de mantemento porque o concello se nega, porque está nunha situación legal complicada, pero iso non implica que o concello teña unha obriga de darlle unha solución a comunidade de veciños.

6º.- Se se pode contactar con Fomento para que eliminen as pintadas que quedaron de vello, son equivocadas para moita xente, un exemplo é a subida cara a Portela hai unhas frechas de incorporación a un carril inexistente.

*O Sr. Rivadulla Varela (PP) formula as seguintes PREGUNTAS:

1º.- En canto as telecomunicacións hai un proxecto para darlle cobertura en toda España con fibra e telefonía móbil ¿hai aquí algunha planificación neste sentido para este 2021 ou para o 2022?

2º.-Tema de garantías nas obras ¿cal é o procedemento cando xa remata o prazo de garantía, se o concello se preocupa desas datas?

3º.- ¿Hai idea do destino para o edificio de correos?



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Manifesta o alcalde: que o concello xa fixo moitísimo, unha subvención que viña para actuar nunha propiedade do concello, cedeuse para que se arranxase a casa de correos, porque senón nunca ía ser arranxada.

O Sr. Rivadulla Varela debería preguntarlle na Xunta o que pretenden facer, xa que cambian de xerente a cada paso, o que pretendían era cederlla o concello antes de restaurala para que este asumise todos os gastos.

Están a espera de que estea restaurada e que o xerente propoña algo e falar do tema.

Continúa a intervención do Sr. Rivadulla Varela indicando:

-Que había un convenio asinado por parte do ministerio de Fomento o cal quedou colgado cando entrou de Presidente o Sr. Pedro Sánchez , polo que non é culpa do PP esa tardanza

4º.-Cando se van acometer os arranxos da estrada nacional, falarase de semáforos

5º.-O edificio praza ¿ hai algunha previsión, dado que a empresa que ía facer o derribo se votou atrás, o concello ten pensado dálle algunha solución a isto ou non? Porque vendo os prazos e procedementos que houbo polo medio dálle a sensación de que o goberno de Arzúa non está moi pola labor de darlle unha solución a isto.

Comenta a Sra. López Sobrado (do BNG) que como na comisión informativa celebrouse para que se ditaminara a Ordenanza de taxi, pero como non veu o pleno, a través da secretaria é polo que se comentou sobre o ROM, se se nos pode aclarar, entendemos que desde este momento estamos no prazo de 15 días dende que se nos puxo a disposición o texto da ordenanza

As 21:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---